

Dende a Concellería de Servizos Sociais que dirixe Dna. Beatriz Deus, o Centro de Información a Muller (CIM) do Concello de Boiro, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña, vai por en marcha unha serie de actividades a desenvolver durante o primeiro trimestre do ano que andamos.

a) OBRADOIRO: CREACIÓN DUNHA REVISTA DIXITAL

- Actividade dirixida aquelas mulleres residentes no Concello de Boiro especialmente interesadas no eido da escritura e comunicación.

Estarán guiadas en todo momento por un profesional do xornalismo. O número de prazas é limitado, os interesados deben anotarse no departamento de Servizos Sociais do Concello, ou ben chamando ao teléfono 981 844 800.

A data límite de inscrición será o vindeiro día 24 de febreiro.

b) XORNADAS DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA:

- Día 8 de marzo: ás 12.00 h. presentación das xornadas e lectura do manifesto na Praza do Concello.
- Día 10 de marzo: ás 18.00 h. inauguración das xornadas. Posteriormente haberá dúas charlas “ Carta dunha nai “ e “ Habilidades para o acceso ao mercado laboral”.
- Día 11 de marzo: ás 18.00 h apertura das xornadas. Dúas reportaxes “ Boiro, traballo en feminino “ e Mulleres de Boiro”. Posteriormente, presentación do certame de relatos curtos “ A muller máis importante da miña vida” e lectura dos dez relatos finalistas.

Estas xornadas desenvolveranse na Casa da Cultura Ramón Martínez López de Boiro.